



PLAN ANUAL DE LECTURA

C.E.P. Campolongo

ÍNDICE

1.- Plan Anual de Lectura: Fundamentación	3
2.- Obxectivos.....	3
3.- Metodoloxía.....	4
4.- Organización de espazos e tempos.....	6
5.- Dinamización da biblioteca.....	6
5.1 1º Trimestre.....	6
5.2 2º Trimestre	12
5.3 3º Trimestre	15
5.4 Actividades na hora da Biblioteca ou na hora de ler.....	17
5.5 Itinerarios lectores	18
6.- Programación.....	23
6.1 Programación de 1º e 2º	23
6.2 Programación de 3º e 4º	26
6.3 programación de 5º e 6º.....	29
7.- Criterios e procedemento de avaliación.	31
8.- Cuestionario de avaliación do alumno/a	32

1. PLAN ANUAL DE LECTURA.

Fundamentación :

A lectura e a escritura entendese como unha das destrezas básicas que impregnan o desenvolvemento curricular de todas as áreas. Constitúen competencias básicas e complexas que resultan esenciais, dado o carácter instrumental, para facer posible a aprendizaxe ao longo de toda a vida, no marco dunha sociedade da información e do coñecemento. O desenvolvemento da competencia lecto-escritora, vai a contribuír á integración e adaptación da das persoas á sociedade , á vez que potencia o desenvolvemento das competencias básicas e a construción dos coñecementos das distintas áreas.

O obxectivo dun plan anual de lectura é posibilitar unha planificación sistemática da lectura e escritura sempre cumprindo as directrices do Proxecto Lector.

2. OBXECTIVOS:

- Incluír nos documentos institucionais as actuacións previstas para mellorar no alumnado a adquisición dunha adecuada competencia lectora e para fomentar o hábito lector.
- Desenvolver a linguaxe.
- Incrementar o vocabulario.
- Desenvolver a capacidade de ler cunha velocidade e comprensión adecuadas.
- Promover o interese, o gusto e a necesidade da lectura.
- Espertar o interese polos libros.
- Incentivar a capacidade de expresarse por escrito como resultado do desenrolo da habilidade de ler de forma rápida e comprensiva.
- Estimular o entusiasmo polo saber e coñecer
- Incrementar a capacidade de investigar e aprender con autonomía.
- Prever as dificultades de lectura e escritura.
- Implicar ao conxunto das áreas na responsabilidade do desenvolvemento da competencia lectora de todo o alumnado.

- Contar con un plan estruturado e sistematizado para a ensinanza da lectura en todas as áreas.
- Establecer, no marco da programación de cada unha das áreas, as estratexias metodolóxicas que se consideren idóneas para o desenvolvemento da competencia lectora e o hábito lector.
- Determinar a diversidade de tipos de texto, xéneros textuais e/ou situacións de comunicación para as que se quere desenvolver a competencia lectora.
- Garantir unha boa utilización dos recursos.
- Implicar ás familias.

3. METODOLOXÍA

Actuacións comúns do profesorado:

O profesorado ten que planificar a ensinanza da lectura , establecer as estratexias, estruturar e motivar favorecendo o clima lector. As actuacións dos profesores respecto a metodoloxía poden centrarse en :

Estratexias:

- Comprender os propósitos explícitos e implícitos da lectura.
- Activar e aportar á lectura os coñecementos previos pertinentes para o contido de que se trata.
- Dirixir a atención ao que resulta fundamental en detrimento do que parecer trivial.
- Avaliar a consistencia interna do contido que expresa o texto e a súa compatibilidade co coñecemento previo.
- Comprobar continuamente si a comprensión ten lugar mediante a revisión e recapitulación periódica e a auto interrogación .
- Elaborar e probar inferencias de diverso tipo, como interpretación, hipóteses, predicións e conclusións.

Planificación da ensinanza:

- Os contidos que hai que ensinar, no caso da comprensión lectora, tratase de ensinar os procedementos estratéxicos que poidan capacitar aos alumnos/as para ler de forma autónoma e produtiva.
- Os métodos de ensinanza: trátase de buscar as situacións máis adecuadas para que os alumnos/as poidan construír o seu coñecemento e aplicalo en contextos diversos.
- Secuenciación dos contidos: axudar aos alumnos/as a aprender supón axudalos a establecer o máximo de relacións entre o que saben e o que se lles ofrece como novo.
- A organización social da aula: aproveitar todas as posibilidades que ofrece a interacción entre iguais.

Estruturar:

É importante distinguir entre os distintos textos que se manexan, porque ademais as expectativas tamén van ser diferentes.

Desde unha perspectiva máis pedagóxica podemos propoñer os seguintes tipos de texto:

- Narrativo: texto que presupón un desenvolvemento cronolóxico e que aspira aos sucesos nunha orde dada. Algúns textos narrativos seguen unha organización: estado inicial/ complicación/ acción/ resolución/ estado final.
- Descritivo: o seu obxectivo é describir un fenómeno, mediante comparacións e outras técnicas.
- Expositivo: relacionado con análises e a sínteses de representacións conceptuais, o texto expositivo vai explicar determinados fenómenos ou ben proporcionar informacións sobre estes.
- Instrutivo- indutivo: aquí estarían os textos que pretenden inducir á acción do lector: consignas, instrucións....

4. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPO

Regulase o uso da biblioteca segundo o seguinte horario:

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1				6ºA - FERNANDO	6ºB - IRIA
2	1ºC Chelo	4ºC - MARIA	4ºA - MARIA R	5ºC - MARISA	1ºB - ALICIA
3	1ºA - LOLI	5ºD - ALICIA	5ºA - CARMELA	2ºB - REYES	6ºC - PUY
RECREO	MABEL Mº C.LÓPEZ	NITO CARMELA	MABEL SIRA	NITO MAR	NITO REYES
4	5ºB - MILI	2ºC - VIVIAN	3ºB - MAITE	2ºA - ESTEFANÍA	3ºC - CARINA
5	4ºB - CECILIA	6ºD - SIRA	3ºA - ESTHER	4ºD - M-C. LÓPEZ	2ºB - REYES

Para asistir a Biblioteca fora do horario asignado, o profesor deberá poñerse en contacto co profesor a quen lle corresponde.

5. DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

5.1. - 1º TRIMESTRE:

Actividades a realizar:

Invitación de Xafi .

Presentación da Biblioteca os nenos de 1º

Mochila Viaxeira

“Dalle a lingua” con Onda Cero Radio

 XUNTA DE GALICIA	COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO	  <small>Organización das Nacións Unidas para a Educación a Ciencia e a Cultura</small> <small>Membro Escola Asociada UNESCO</small>
	Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/ E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es Teléfono: 986 85 52 88 Fax: 986 85 05 58	

INVITACIÓN DEXAFI:

Para comezar elabórase unha invitación de Xafi dirixida aos máis pequenos para que coñezan a biblioteca e o seu funcionamento. Para agradecer a súa visita Xafi faralles un agasallo. Porase na entrada e no blog da biblioteca "Campolongoteca" un poema de "BENVIDA AO NOVO CURSO" para e que xa se poden deixar engaiolar pola lectura.

PRESENTACIÓN DA BIBLIOTECA AOS NENOS DE 1º

CONTACONTOS

Para achegar aos nenos de 1º á biblioteca, o alumnado colaborador da biblioteca leralles un conto ós novos usuarios da Biblioteca. Logo entregaremos os carnés de biblioteca personalizados e remataremos dándolles un pequeno agasallo. Mostraremoslle a **CAIXA DE CORREOS DE XAFI** para que depositen nela os seus textos, comentarios, debuxos ...

"Recomendacións de Xafi"

Xafi lembrará as súas recomendacións para un mellor funcionamento da biblioteca que seguen colocadas na porta da entrada.

 XUNTA DE GALICIA	COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO	 
	Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/ E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es Teléfono: 986 85 52 88 Fax: 986 85 05 58	

MOCHILA VIAXEIRA:

Propostas de lectura , entre outras e en especial , de Carlos Casares, Manuel María, Neira Vilas, Agustín Fernández Paz, Roald Dahl, Valle Inclán, ... por ser eles os persoeiros homenaxeadas por diferentes circunstancias .

1º A: "Aventuras dunha pinga de auga ". Begoña Ibarrola.

1º B: "Crisol e a súa estrela". Begoña Ibarrola.

1º C: "A noite das mudanzas". Pep Bruno. Ed. Kalandraca

Para todo o 1º nivel : para os Adultos, "Fábulas de Esopo". Ed. Vicens-Vives.

2º A: Poesía: "Coñece estes animais". Ed. Cumio. Narrativa: "Troco. Ed. OQO.

2º B: Poesía: "Como nos gusta viaxar". Ed. Cumio. Narrativa: "Sígueme". Ed. OQO

2º C: Poesía: "Cando medre, que ilusión! Que serei de profesión? Ed. Cumio.

Narrativa: Picurruchos. Ed. OQO. Os adultos do 2º Nivel levan "Que me queres amor". Ed. Galaxia.

3º A: Poesía: "Chove nos Versos". Cómic: "Axterix en Hispania". Narrativa Galega:

"Cando a terra esqueceu de xirar". Narrativa española: Beltiberios y Zambranos.

"Cuentos del cielo y la Tierra". Adultos: "La sonrisa etrusca".

3º B: Poesía: "Chove nos versos". "Cuentos del Cielo y del Mar". Comisc: "Mafalda".

Narrativa española: "Beltrán el erizo". Narrativa galega: "Tres Trebellos máxicos".

Adultos: "La sonrisa etrusca".

3º C: Poesía: "Chove nos Versos". Cómic: "Las aventuras de Tintín". Narrativa española: "La fábrica de nubes". "Ricardo el excultor". "Cuentos del cielo y la Tierra". "El gato negro y otros cuentos".

4º (A,B,C,D) "El Gigante Bonachón". De Roald Dahl.

5º (A,B,C,D): "A Galiña Azul". De Carlos Casares.

6º (A,B,C,D): "O meu nome é Skywalker". Adultos: "O monstro vén a verme". Patrick Ness

A mochila viaxeira inclúese unha información sobre a actividade e un pequeno caderno ou diario para que as familias escriban os seus comentarios e opinións sobre as lecturas ou a actividade en xeral.

Na mostra do material envíase a portada e a contraportada, e recollemos algunhas

das opinións dos pais que nos pareceron máis significativas. Os pais seguen a valorar a

experiencia moi positiva, tanto os que levan participando na actividade outros anos, como os que a iniciaron este curso.

DALLE A LINGUA

Lectura de traballos para o programa radiofónico "Dalle a Lingua" de Onda Cero

Radio. Traballando os temas do Cambio Climático, As nosas rúas de Pontevedra,

Animais en Perigo de Extinción, Con nome de muller, O can de palleiro

ACTIVIDADES PARA A CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA BIBLIOTECA

Neste curso, o lema das Bibliotecas Escolares é:

“Biblioteca Escolar TERRITORIO DAS ARTES!!!!”. Daremos a coñecer o lema animando a que cada un elixa a súa arte preferida manifestándoa do xeito que considere oportuno: debuxo, escrita, manualidade

Trataremos de incluír na mochila algún texto relacionado coas Artes tamén na

Mochila Viaxeira.

Aproveitaremos para traballar a obra de Maruja Mallo por ser a homenaxeada no

2017 pola Escola de Arte Galega.

ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN CO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- . Outono e o magosto. Elaboración de coplas
- . O samaín. Creación e lectura de contos de medo
- . Semana traballando pola igualdade (25 de novembro)
 - . Contos do apalpador / contos de nadal
- Actividades de ef:
 - . Xogos populares.
 - . Exercicio físico e saúde – primeiros auxilios
 - . Persoeiros do rueiro de Pontevedra
 - . As olimpíadas.
- Guía de lecturas para o nadal.

ACTIVIDADES DO EQUIPO DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O OUTONO E O MAGOSTO

- Contos, cantigas e poemas sobre o outono
- Exposición de diferentes froitos de outono.
- Estudo da castaña / Cantigas / Refrás ...
- Colección e clasificación de follas
- A cabaza
- Os cogomelos
- Plástica de outono
- Murais
- Adiviñas do outono
- Adiviñas e Contos de Medo do Samaín

O MAGOSTO

Como todos os anos, gozaremos dun montón de actividades ademais de comer unhas ricas castañas asadas.

* Xogos populares

* Exposición de textos, cantigas, adiviñas... sobre o magosto.

* Elaboración e Interpretación polos nenos e nenas de diferentes cursos de 3º ciclo de cantigas, poemas, acompañados das frutas doces e a gaita galega

SAMAÍN

Polo Samaín, faremos unha exposición de cabazas decoradas e de **receitas** de cociña “tenebrosa” e con bichos. Acompañaremos a esta exposición cunha creación de **“Contos de Medo”**

DALLE A LINGUA

Lectura de traballos do alumnado no programa de radio “Dalle a lingua” de Onda Cero Radio.

CONTOS DO APALPADOR

Esta actividade vai a estar enfocada os alumnos de 4º de Educación Primaria co fin de que escriban cotos sobre este persoeiro.

ACTIVIDADES DE EF

O alumnado do ciclo superior (5º e 6º) elixirán un dos seguintes temas para investigar e logo elabora un traballo no formato que consideren oportuno, animando que sexa en formato dixital :

Persoeiros do rueiro de Pontevedra.

Árbores e plantas da escola

Árbores e plantas do Parque de Campolongo

Xogos Populares. Traballo de investigación e Investigación dos xogos da Idade Media

O ártico rompe

Primeiros auxilios. / Outros que poidan xurdir durante o curso.

NADAL

- Concurso de tarxetas e felicitacións de Nadal
- Conta contos de Nadal
- Recomendación de libros para ler nas vacacións:

Os libros recomendados porémolos no blog da Biblioteca, entre haberá sobre as temáticas homenaxeadas durante o curso académico: Carlos Casares, Maruja Mallo, Fatima Mernissi, Valle Inclán, Agustín Fernández Paz ...

5.2.- 2º TRIMESTRE:

- PARTICIPACIÓN NA XIV EDICIÓN DO SALÓN DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL DE PONTEVEDRA
- PRESENTACIÓN DE NOVIDADES.
- VENRES DE CONTOS
- DÍA ESCOLAR DA PAZ E DA NON VIOLENCIA.
- VII CAMPAÑA DA ORALIDADE
- XOGO: INVESTIGAMOS NOS LIBROS DA BIBLIOTECA
- O ENTROIDO
- XIII CONCURSO EXPOSICIÓN DA CAMELIA.

SALÓN DO LIBRO

Como todos os anos, participaremos no " XVIII Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

O equipo da biblioteca traballará coa bibliografía proposta polo Salón do Libro,

porá a disposición dos nenos/as e profesores/as, unha selección da mesma, este ano titulado “ **O MUNDO QUE QUEREMOS**” e será desenvolvido entre os meses de marzo e o de abril. Comezaremos con este traballo a finais do segundo trimestre, e desenvolverase durante todo o trimestre seguinte.

Con motivo do Salón do Libro, posiblemente se participará nas actividades paralelas que organicen como teatro, conta contos, ...

CERTAME “RELATO CURTO”

Participarase no Certame Relato Curto, en colaboración co Concello de Pontevedra outras institucións e a poder ser, incluiremos os contos de medo feitos no Samaín.

VENRES OU MÉRCORES DE CONTOS

No 2º trimestre, arrancaremos coa Actividade “**Quen me conta un conto**” ? biblioteca, trátase de que nenos e nenas voluntarios, de forma individual ou en grupo contarán un conto os venres na biblioteca os demais alumnos.

Tódos os venres no recreo na túa biblioteca Poderás escoitar un conto dramatizado polos teus compañeiros e compañeiras



APÚNTATE!!!!

DENEP. DÍA ESCOLAR DAPAZ E DA NON VIOLENCIA.

Coa proposta das Escolas Galegas Asociadas á UNESCO deste curso ,
celebraremos

o día da PAZ, dedicándollo a [Fatema Mernissi](#). Escritora marroquí defensora e

loitadora dos dereitos da muller. Premio Príncipe de Asturias no 2013. Entre
outras

cousas recitaranse frases cos xestos internacionais de YOGOTE.

ENTROIDO

Colaboraremos co Equipo de Dinamización Lingüística nas súas actividades
promovendo

a lectura de temas relacionados con estas datas.

XIII EXPOSICIÓN DA CAMELIA

Un ano máis, celebraremos o Concurso Exposición da Camelia.

Todo a alumnado do centro poderá participar nas actividades propostas para a
XIII Exposición da Camelia

- Concurso de composicións literarias: poesías, descrições, narracións...
- Carteis con poemas e fotos da exposición feitos polos alumnos /as.
- Concurso de debuxo.
- Concurso de fotografía.
- Concurso de composicións florais.
- Traballos artísticos sobre o tema.

5.3.- 3º TRIMESTRE:

- ABRIL DOS LIBROS: PROGRAMA DE ACTIVIDADES.
- A FESTA DOS MAIOS.
- DÍA DAS LETRAS GALEGAS.
- CORRELINGUA.
- O CONTO VIAXEIRO.
- COÑECENDO AS ÁRBORES DO COLEXIO E DO PARQUE DE CAMPOLONGO.
- ELABORAMOS A REVISTA ESCOLAR.
- AGASALLOS DE XAFI AOS ALUMNOS/AS COLABORADORES.
- ELABORACIÓN DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES E GUÍAS DE LECTURA.

ABRIL DOS LIBROS. PROGRAMAS DE ACTIVIDADES:

Trataremos de facer algún xogo de investigación. Unha das propostas vai ser

“A pregunta do día”. Durante unha semana o alumnado terá que ir descubrindo a resposta.

Durante unha deste mes todos os días, converteranse en **“SEMANA DE CONTOS”** e así terán a oportunidade de ser eles os protagonistas da Biblioteca.

A FESTA DOS MAIOS.

Construirase un “Maio” entre todos e elabóranse unhas coplas que tratarán dos temas de actualidade máis destacados no ano, relacionados co colexio, coa vida da cidade e outros acontecementos de interese. Ensaiarase cos paus o ritmo das mesmas e cantarase na escola no día que chamamos “FESTA DOS MAIOS”.

17 DE MAIO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O Día das Letras Galegas do ano 2017 será dedicado a Carlos Casares.

Organizaremos actividades para dar a coñecer ó persoeiro elixido. Mercaremos os libros e material que precisemos para recitar ou interpretar algo de Carlos Casares.

TROTACONTOS OU CONTO VIAXEIRO.

Os alumnos/as de 2º participaran con outros colexios da zona na elaboración dun "Conto Viaxeiro".

COÑECENDO ÁS ÁRBORES DO PARQUE DE CAMPOLONGO

Saídas para coñecer árbores da nosa contorna. Elaboración de traballos.

AGASALLOS DE XAFI OS ALUMNOS E ALUMNAS COLABORADORES

Como todos os cursos unha vez que rematemos entregáremoslle os alumnos e alumnas que colaboraron nas actividades da Biblioteca un agasallo.

ELABORACIÓN DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES E GUÍAS DE LECTURA.

Para as vacacións de verano elaboraremos unhas guías de lectura recomendando os libros que consideramos máis adecuados para cada idade e nivel de lectura.

5.4.- ACTIVIDADES NA HORA DA BIBLIOTECA OU NA HORA DE LER

Os profesores poderán ter ou non programadas as actividades que levarán acabo na hora de biblioteca ou na hora de ler, pois tamén se utiliza para ler os libros que queiran ler os rapaces, podendo incluso traer a lectura da casa.

As sesións serán sistemáticas, poderán incluír todo tipo de textos, en todas as áreas de aprendizaxe, con lecturas informativas, de ficción, busca da información e construción do coñecemento.

Coordina o Plan Anual de Lectura e o Proxecto Lector a profesora Antonio Ferrer Moreira (coordinador da Biblioteca).

5.5.- ITINERARIOS LECTORES:

1º Curso Lingua castelá

" Mío, es bueno compartir", (NOVEDADE - Ed Jaguar)

" Mamá fue pequeña antes de ser mayor" (Ed.

Kókinos) " Inés del revés" (Ed. Kókinos)

"Imagina" (Ed. Lumen)

" La oca loca" (Escuela Española) " Flon Flon y Musina" (Ed. S.M)

Lingua galega

- "Artur e Clementina". Turín, Adela
- "Cepillo" - Ed. Kalandraka. Novidade
- "Tres princesas pálidas" () Novidade
- "O elefante comellón" (Ed . Kalandraka)
- "Animal fun"- (Patito editorial) Novidade
- " A que sabe a lúa?" (Ed. Kalandraka)
- " Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis" (Ed. Kalandraka)
- " Un pesadelo no meu armario" (Ed. Kalandraka)
- " Contos de ratiños" (Ed. Kalandraka)

2º Curso Lingua castelá:

- "Melric, el mago que perdió su magia"- (Ed. Ekaré) Novidade
- " Óscar y el león de correos" (Ed. Anaya)

 XUNTA DE GALICIA	COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO	  <small>Organización das Nacións Unidas para a educación a Ciencia e a Cultura</small>
	Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/ E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es Teléfono: 986 85 52 88 Fax: 986 85 05 58	

- “ La princesa viene a las cuatro “ (Ed. Lóguez)
- “ Siete ratones ciegos “ (Ed. Ekaré)
- “ La maravillosa granja de McBroom” (Ed. Alfaguara)

Lingua galega:

- “O país dos mandóns”. Rodríguez, Paloma ...
- "Unha feliz catástrofe" (Ed. Kalandraka) Novedade
- "A cociñeira do rei" (Ed. OQO) Novedade
- "Marcopola 3"- (Ed. Xerais) Novedade
- “Animales de compañía” (Ed. Kalandraka)
- “ Un cuiño independente (Ed. S.M)
- “ O coche de carreiras” (Ed. Xerais)
- “ Pola rúa dos versos” (Ed. Xerais)
- “ Chuirlo mirlo na figueira” (Ed. Sotelo Blanco)
- “Lueiro de papel” (Ed. Xerais)
- “ Ventos” (Ed. Xerais)
- “ Os sonhos na gaiola” (Ed. Xerais)
- “ Cantarolas” (Ed. Xerais)

3º Curso Lingu Castelá

- “Mercedes quiere ser bombera”. Monco Beatriz
- "El secreto de Sofía"- (Ed. La Guarida) Novedade
- “ Siete brujas y el bebé más feo del mundo” (Ed. S.M.)
- “ Fuera de control” (Ed. Planeta-Oxford)
- “Beltrán el erizo” (Ed. Planeta)

- “ Beltiberios y Zambranos “ (Ed. Planeta Oxford)

Lingua galega:

- "Moito conto" –(Ed. OQO) Novedade
- "O dragón que cambiaba de conto cada vez que esbirraba"- (Patito editorial) Novedade
- "Cuca e o abrigo marrón"- (Ed. Rodeira) Novedade
- “ Artur e Clementina” (Ed. Kalandraka)
- “A raíña de Turnedó” (Ed. kalandraka)
- “ Chove nos versos “ (A. García Teijeiro – Ed. Xerais)
- “Cando a Terra esqueceu de xirar” (Fina Casalderrey – Ed. S.M)
- “ Ricardo o escultor “ (Gianni Rodari – Bahía Ed.)
- “ Don Merlo con chaqueta” (Helena Villar Janeiro - Ed. Xerais)
- “ O misterio dos fillos de Lúa” (Ed. S.M.)
- “ A galiña azul” (Ed. Galaxia)
- “ Lolo anda en bicicleta” (Ed. Galaxia)
- “ Don Merlo con chaqueta “ (Ed. Xerais).

4º Curso

Lingua castelá:

- "Las aventuras de Pisco"- (Ed. Anaya) Novedade
- “ Luces en el canal” (Ed. S.M.)
- “ Fray Perico y su borrico” (Ed. S.M.)
- “ Cipi” (Ed. Alfaguara)
- “Los negocios del Señor Don Gato” (Ed. Anaya)

 XUNTA DE GALICIA	COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO	  <small>Organización das Nacións Unidas para a Educación a Ciencia e a Cultura</small>
	Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/ E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es Teléfono: 986 85 52 88 Fax: 986 85 05 58	

- " La pandilla de Tristán " (Ed. S.M.)
- " Palabras de caramelo" (Ed. Anaya
- " El canto de las ballenas" (Ed. Kókinos)
- " El angel del abuelo" (Ed. Lóguez)

Lingua galega:

- "Hay algo más aburrido que ser una princesa rosa". Díaz Reguera Raquel.
- "Feroz, o lobo (Ed. OQO) Novidade
- "A raíña de Turnedó" (Ed. Kalandraka) Novidade
- " No corazón do bosque" (Ed. Xerais)
- " Chamizo" (Ed. Xerais)
- " Dende unha estrela distiante " (Ed. Xerais)
- " O misterio da casa do Pombal (Ed. S.M.)
- " Voces na lagoa do espantillo" (Ed. Galaxia)
- "Manual das bruxas" (Ed. Xerais)
- " Espantallo amigo" (Ed. Galaxia)
- " Contos o teléfono" (Ed. Juventud)
- " Sete casas, sete bruxas e un ovo" (Ed. S.M.)

5º e 6º de Primaria:

Lingua castelá:

- "El blog de Malika"- Destino"Musiki" (Ed. SM) Novidade
- "Me llamo Suleiman" (Ed. Anaya) Novidade

- "La isla del tiempo perdido" (Ed. SM) Novedade
- "70 Preguntas curiosas sobre el mundo que nos rodea y sus asombrosas respuestas" (Ed. Siruela)
- " Por qué nos preguntamos cosas" (Ed. Trampantojo)
- " Matemática Mente"- Conviértete en un genio de las mates" (Ed. S.M.)

Lingua galega:

- "La cenicienta que no quería comer perdices". López Salamero
- "A muller na historia". Pepe Barreiro
- "O hombre-ciño vestido de gris"- (Ed. Kalandraka) Novedade
- "Os reis magos non lle gustan os caramelos de menta"(Ed. Galaxia) Novedade
- "Historia da bicicleta dun home lagarto" (Ed. Xerais) Novedade
- "Volvo! o regreso de Usha"- (Ed. Xerais) Novedade
- "Os soños na Gaiola" (Ed. Xerais)

6.- PROGRAMACIÓN:

Educación Primaria:

6.1.- 1ºCiclo:

Obxectivos	Actividades
Suscitar unha actitude positiva cara á biblioteca e de interese as súas propostas.	Xafi visitara aos alumnos de 1º a coñecer a biblioteca. Estimular o uso da biblioteca ante calquera necesidade informativa. Pode ser sobre os centros de interese que se traballen. Elaboración de murais, carteis con lemas alusivos ao día de celebración da biblioteca. Maratón de lectura para a celebración do día da biblioteca.
Coñecer as funcións da biblioteca escolar e da pública e os seus servizos: información, lectura , consulta, préstamo..	Visitar a biblioteca pública.
Coñecer aspectos básicos sobre a organización e normas de funcionamento	Recoñecer as zonas e a función dos espazos.
Introducir as distintas funcións de información e lectura que poden ter os documentos	Seleccionar contos, narracións e libros de consulta sobre un tema concreto e comparar as informacións, poñendo en evidencia os distintos tratamentos da información.

<p>Diferenciar ficción e información, e a súa localización na biblioteca</p>	<p>Recoller información e seleccionar historias segundo o tema monográfico programado para cada trimestre pola biblioteca:</p> <p>seleccionar historias de... – inventar historias de ... – guías de lecturas de ... – recomendacións de lecturas de Concursos de narración e contos de tradición oral.</p>
<p>Respectar e coidar os materiais e recursos.</p>	<p>Facer un listado do que se pode facer para coidar os materiais. Redactar frases co que se debe facer para coidalos.</p>
<p>Estimular a súa creatividade.</p>	<p>Participación no “Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra”, co desenvolvemento das actividades segundo o tema a que este dedicado. Taller de contos Creación de libros.</p>
<p>Utilizar as ilustracións como</p>	<p>Seleccionar libros e que cada</p>



fonte de información	alumno seleccione unha, e a partir delas realizar observacións , descricións...
Espertar o entusiasmo pola poesía	Lectura de poesía, actividades en equipo de crear poesías, carteis. Lemas relacionados coa poesía. Carlos Casares. Pablo Coelho.
Establecer relacións entre imaxe e texto nos libros de coñecementos.	Relacionar , ilustracións e os seus correspondentes pes textuais, situados de distintas maneiras nas páxinas, a partir de fotocopias seleccionadas.
Adquirir o concepto de colección a partir dos caracteres formais e de contido	Organizar grupos de xogo, cada grupo seleccionara os libros da colección que se lle asinou segundo o criterio dado.
Desenvolver o gusto pola lectura	Abril dos libros e letras galegas: efemérides, - exposicións de libros, - monicreques e representacións a cargo dos alumnos maiores, - elaboración de murais, marcadores, creación de contos....
Utilizar a lectura como fonte de pracer, para desenvolver hábitos lectores.	Presentación de libros favoritos. Escoita de textos de tradición oral
Desenrolar a iniciativa, autonomía, e gusto persoal na elección de lecturas.	Intercambiar opinións sobre os textos lidos. Organizar lecturas en grupo, individuais, silenciosas, en voz



	alta (profesora, alumnos/as). Posta en común daquelas lecturas que nos chamaron a atención.
Coñecer as características dun texto informativo	Búsqueda de información sobre os temas a tratar nos distintos soportes: papel, dixital.. Elaboración dun texto informativo: plantas.... Participación das familias, seguindo as instrucións determinadas.
Ler , interpretar e valorar os textos poéticos	Poñer aos alumnos/as en contacto cos textos líricos, escoitando a lectura de poemas por parte dos profesores e de outros compañeiros ou deles mesmos. Representación gráfica de poemas Memorización por grupos dos poemas favoritos.

6.2.- 3º e 4º:

Estas actividades desenvolveranse dentro da aula.

Dominar o espazo da biblioteca e as súas zonas.	Actividades de clasificación. Búsquedas en catálogo, co fin de buscar determinados libros. O xogo de cartas de familias, pode ser un deles.
Identificar as características e os distintos usos dos documentos impresos, internet...	Observar as características de cada unha delas, dispoñibilidade de acceso, caducidade....das distintas



	fontes.
Utilizar correctamente os servizos da biblioteca escolar. Responsabilizarse do cumprimento das normas.	Facer murais ou lemas nos que se indiquen con frases curtas , os aspectos funcionais e organizativos da biblioteca.
Diferenciar as funcións do autor e o ilustrador na obras de ficción. Afondar na relación coa biblioteca como lugar que permite colmar a súa curiosidade.	<p>Buscar libros do mesmo autor, con ilustracións de distintos ilustradores e viceversa. Elaboración de murais, carteis con referencia ao día da biblioteca. Maratón de lectura para a celebración do día da biblioteca. Recoller información e seleccionar historias segundo o tema monográfico</p> <p>programado para cada trimestre pola biblioteca:- seleccionar historias de....- inventar historias de.....-guías de lecturas de..... Elaboración de contos e narracións de tradición oral.</p>
Desenvolver a súa creatividade	<p>Efemérides de Autores. Elaboración de poemas, contos... Participación no "Salón do libro de Pontevedra", co desenvolvemento das actividades segundo o tema a que este dedicado. Elaboración de "libros de poemas" Taller de poesía.</p>
Manexar correctamente as obras de referencia: soporte impreso ou electrónico .	Actividades de búsqueda nas obras de referencia, segundo tema dado.



Desenvolver o gusto pola lectura	Abril dos libros e letras galegas : exposición de libros- efemérides- elaboración de : marcadores, murais, carteis....- encontros con autores e ilustradores.
Ler comprensivamente textos narrativos, descritivos, argumentativos... relacionados co contorno e a súa conservación, a saúde, os animais, as plantas, e a localidade	Búsqueda e selección de textos, relacionados cos temas que estamos a traballar , en distintos soportes, e que sexan acorde cos seus intereses e idade. Producción de textos narrativos, descritivos...
Interpretar de forma apropiada distintos tipos de textos da vida cotián (horarios, carteis, Web, noticias, cartas, cómics viñetas...	Deseño e elaboración de : horarios, listas de compra, carteis, lemas, noticias, cartas...
Comprender e disfrutar dos textos informativos.	Búsqueda e selección de textos informativos, adecuados a súa idade. Producción de textos informativos.
Comprender e gozar dos distintos xéneros literarios: prosa poética, poesía, teatro..	Búsqueda e selección de textos de prosa, poesía, teatro... Producción de textos poéticos, poesía, teatro.

6.3.- 5º e 6º :

Obxectivos:	Actividades
Reforzar o concepto de biblioteca como recurso, como información e como ocio	Charlas a cargo de profesionais dos libros.
Coñecer a variedade de materiais que se poden encontrar na biblioteca: dosieres, monografías, obras literarias, periódicos, revistas.....	Realizar pequenas investigacións sobre os fondos.
Coñecer a CDU que adoptou a biblioteca: os apartados que ten establecidos para os diferentes temas e as idades.	Deseño de cartas, xogos de búsqueda.....
Desenvolver o gusto pola lectura	Elaboración de murais, carteis, con referencia ao día biblioteca. Recoller información e seleccionar historias segundo o tema monográfico programado pola biblioteca para cada trimestre.:- seleccionar historias de...- inventar historias de....-guías



	de lecturas de.....
Realizar correctamente o proceso de búsqueda no catálogo automatizado da biblioteca.	Realizar prácticas de busca no catálogo da biblioteca.
Potenciar a súa creatividade	Concursos de poesía e efemérides de Rosalía. Participación no "Salón do libro de Pontevedra", co desenvolvemento das actividades segundo o tema a que este dedicado.
Aprender a planificar a busca documental a partir dunha necesidade específica de información.	Utilizar as ferramentas de axuda nos libros documentais (índices, sumarios...)
Comprender a utilidade das obras de referencia para seleccionar a información	Realizar actividades de búsqueda guiadas : Nos distintos soportes impreso, e electrónico. ordenación alfabética, toma de notas, interpretación de abreviaturas.....
Desenvolver e potenciar a súa creatividade	Abril dos libros e letras galegas: exposicións de libros,- efemérides,- talleres de contos,- creación e interpretación de obras literarias,- encontros con autores ou ilustradores....
Ler comprensivamente e recoñecer os elementos característicos dos distintos tipos de textos e de xéneros literarios:	Lectura en voz alta de textos de diverso tipo, atendendo á articulación precisa dos fonemas, entoación adecuada, acentuación

Narrativos, expositivos, informativos, xornalísticos, publicitarios, gráficos. Prosa, prosa poética, poesía, teatro, lendas...	correcta. Producción de textos escritos de distinto tipo e de diferente xénero literario. Producción de textos, tendo en conta os signos de puntuación e os diferentes matices semánticos das palabras e frases, e a organización lóxica e coherencia.
---	--

7.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación ten que propiciar que todos os sectores implicados manifesten as súas opinións, valoracións, a través de entrevistas, enquisas, e reunións de ciclos.

É necesario facer un seguimento da programación do plan lector e unha autoavaliación nas reunións de ciclos.

Respecto ao alumnado:

Ademais da avaliación inicial, que permitirá detectar dificultades lectoras, é importante contar cunha folla de rexistro do nivel de desenvolvemento lector de cada alumno/a, para se o caso introducir as modificacións que e consideren oportunas. (Modelo dunha folla de rexistro de avaliación de alumnos/as).

Respecto ao profesorado:

- A inclusión do uso da biblioteca escolar nas súas programacións.
- A integración dun tempo dedicado á promoción da lectura nas súas horas de traballo diario e organización
- Revisión das estratexias utilizadas no desenvolvemento competencia lectora e do hábito lector.
- Revisión dos recursos utilizados para o desenvolvemento da competencia lectora e o hábito lector.
- A utilización da metodoloxía proposta, cos contidos e actuacións programadas.

Respecto o Plan de lectura:

- Grao de consecución de dos obxectivos programados.
- Grao de participación das actividades programadas.
- Grao de emprego dos recursos materiais .

8.- CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN DO ALUMNO/A

Desenvolvemento do nivel lector

	Non adquirido	En proceso	Adquirido
PRECISIÓN: -Decodifica ben:			
VELOCIDADE: - Le con bo ritmo: -Le con boa expresión:
COMPRESIÓN: -Comprende o vocabulario: -Comprende diferentes tipos de texto: -Localiza a información do texto: -Comprende globalmente o texto: -Interpreta o texto e relaciona distintas ideas e fai inferencias: -Contrasta as afirmacións do texto cos seus coñecemento previos:
MOTIVACIÓN: -Demostra interese pola lectura:			

-Le fora da aula os libros ou textos propostos:
---	-------	-------	-------

Pontevedra 15 de outubro do 2016